



AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA DE 3º DE PRIMARIA

Estimadas familias:

Os vindeiros **28 e 29 de maio** celebrarase en todos os centros escolares de Galicia a **Avaliación individualizada de 3º curso de Educación Primaria**, tal e como se ven facendo nos últimos anos.

Esta proba é obrigatoria para todo o alumnado matriculado en 3º de Educación Primaria no curso 2018/19, se ben ten carácter estritamente informativo e orientador. É dicir, que os resultados obtidos non computan en ningún caso para as cualificacións do alumnado nin teñen efecto no expediente.

Características xerais das probas

As probas estarán constituídas por **cadernos de alumnado** nos que se avaliará a competencia lingüística (en lingua galega e lingua castelá) e matemática do alumnado, e **cuestionarios de contexto** dirixidos ás persoas titoras, á dirección do centro e ao alumnado e ás súas familias. Estes cuestionarios permitirán obter información sobre as condicións socioeconómicas e culturais dos centros para a contextualización dos resultados obtidos.

Os cuestionarios de contexto cubriranse preferentemente en formato dixital, segundo as instrucións que se enviarán dende o centro educativo, sen prexuízo de que as familias poderán realizalo en formato papel.

Aplicación das probas ao alumnado:

Data	Actividades
28 de maio de 2019	- Caderno de competencia lingüística 1 - Caderno de competencia matemática 1
29 de maio de 2019	- Caderno de competencia lingüística 2 - Caderno de competencia matemática 2

Informes

A Administración educativa fará constar o nivel obtido por cada alumno/a nun informe individual, que será entregado aos pais, nais ou titores legais e trasladado aos centros.

O titor/a deberá informar aos pais, nais ou titores legais dos alumnos/as dos resultados das avaliacións individualizadas en relación co grao de adquisición das competencias avaliadas e das medidas adoptadas.

Podedes consultar toda a información na Resolución do 12 de abril de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación individualizada de terceiro curso de educación primaria nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2018/19.

Grazas pola vosa colaboración.
A dirección.